



ACTIVIDADES PREVISTAS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DE HIXIENE DAS MANS (5 DE MAIO 2022) NO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

Este ano o lema da campaña é “Únete á Seguridade da Atención Sanitaria. Limpa as mans”.

Traballar en pro da hixiene de mans é unha prioridade para previr as infeccións asociadas á asistencia sanitaria e a diseminación de microorganismos multirresistentes, que require que os profesionais de todos os ámbitos asistenciais comprométanse e actúen cos comportamentos e actitudes propicias para prestar unha atención limpa. O binomio entre a atención limpa e a cultura de seguridade é un eixo central para avanzar na seguridade do paciente e afianzar a calidade da asistencia sanitaria no noso SNS.

Nestes anos e desde o inicio da pandemia causada polo SARS-CoV-2, a hixiene das mans adquiriu unha maior visibilidade como medida preventiva esencial fronte a ese virus. O compromiso dos profesionais con esta medida foi exemplar. Con todo, como persoal crítico na prevención das infeccións asociadas á asistencia sanitaria, segue sendo necesario o esforzo a adherencia dos mesmos coa hixiene de mans. Así, é preciso insistir na relevancia de efectuar a hixiene das mans, cunha técnica correcta, nos momentos adecuados (os 5 momentos), e restrinxir o uso de luvas para as tarefas nas que son imprescindibles.

1. CONSELLERÍA DE SANIDADE / SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Publicouse na intranet e na web da Consellería de Sanidade, información sobre a Xornada Mundial de Hixiene das Mans 2022, tanto dirixida a profesionais sanitarios como á poboación, e os recursos dispoñibles para ser utilizados polos centros (Servizo Galego de Saúde, Ministerio de Sanidade, Organización Mundial da Saúde, Centro para o Control e Prevención de Enfermidades dos Estados Unidos (CDC), á que se pode acceder a través do seguinte enlace:

<https://www.sergas.es/Asistencia-sanitaria/5-de-Maio-2022-Celebracion-do-Dia-Mundial-da-Hixiene-das-Mans>

Incluirase tamén no carrusel da páxina principal da web, unha imaxe da conmemoración deste día, ademais de incorporalo no apartado de Novidades. Na intranet, aparecerá no apartado de destacados.

Publicarase na portada principal de Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento (ACIS), información destacada sobre a conmemoración deste día, así como o recordatorio do curso online de autoformación “Hixiene das mans” dispoñible na súa plataforma de formación.

O Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, enviaralles un correo electrónico a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde, o día 5 de maio, para lembrarlles a importancia de realizar unha correcta hixiene de mans nos 5 momentos adecuados, que recolle a estratexia da OMS.

Facilitarase o acceso á información sobre hixiene de mans a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, de é-Saúde e no portal de Xente con Vida.

2. ÁREAS SANITARIAS

2.1 ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

BANNER

- Introducción de banner informático no momento do arranque do ordenador, para dirixir aos profesionais da Área ao apartado específico do 5 de maio na intranet da Área. Consideramos posible utilizar o símbolo de “mans laranxas” que xa foi utilizado en anteriores ocasións en campañas do centro.

FEED-BACK SERVICIO AUDITADOS

- Resumen de resultados da auditoría de mans realizada polos membros do Grupo de hixiene en diferentes Servizos da Área .

Colocación de Poster resumen nunhas zonas comúns da unidade e que permitan as unidades.

MESAS

Hospital de A Coruña

- Mesa informativa sobre HM instalada na entrada do Hospital (4ª andar), con lámpara de luz ultravioleta para comprobar a eficacia do procedemento de hixiene de mans. Horario aproximado : 10:00 h. – 13:45 h.
- Distribución de solucións de base alcohólica de bolsillo a todos os profesionais.



- Merchandising de HM: Chapas, adhesivos, información sobre HM.

Hospital Teresa-Herrera - Hospital Marítimo de Oza - Hospital Abente/Lago

- Mesa de información sobre HM, instalada na entrada do centro.
- Distribución de solucións de base alcohólica de bolsillo a todos os profesionais.

Hospital Virxe da Xunqueira

- Mesa informativa sobre HM, con lámpara de luz ultravioleta para comprobar a eficacia do procedemento de hixiene de mans.
- Sala de proxección de vídeos de HM.
- Distribución de solucións de base alcohólica de bolsillo.

Atención Primaria

- Distribución de solucións de base alcohólica para traballadores sanitarios.
- Valorar a colocación dunha mesa en algún dos centros de referencia.
- Merchandising sobre HM.

CONVOCATORIA DE PRENSA LOCAL DESDE GABINETE DE PRENSA XXIAC

2.2 ÁREA SANITARIA DE FERROL

As actividades que se van desenvolver son:

- Promover a participación dos nenos hospitalizados con debuxos a propósito da hixiene das mans, que se publicarán na intranet durante a semana do 3 ao 9 de maio.
- Durante os días 2,3 e 4 de maio , realizarase unha conta atrás (3, 2, 1) en todos os fondos de pantalla dos ordenadores sen descubrir o acontecemento que se vai anunciar.
- Realizar demostracións na diferentes unidades / servizos do hospital, con solución marcadora e lámpada negra por parte da enfermeira do Servizo de Medicina Preventiva e a supervisora de Esterilización e Infección Nosocomial.
- Gravar un vídeo, coa participación de alumnos , afondando na necesidade de fomentar a correcta hixiene das mans, que se publicará na intranet, páxina web e redes sociais do centro. Instalar como fondo de pantalla en todos os



ordenadores, un cartel sobre a hixiene das mans e os seus 5 momentos, desde o día 2 ata o día 11 de maio.

- Promover a participación dos profesionais a través da Asociación ADESCAFE para a realización de fotografías relacionadas coa lema do Día Mundial da Hixiene de Mans
- Facilitar o acceso desde a intranet a vídeos demostrativos dunha correcta técnica de lavado de mans e uso de solución hidroalcohólica.
- Realizar un *mailing* á totalidade do persoal da Área Sanitaria de Ferrol, seguindo como modelo a carta institucional da Consellería de Sanidade e as directrices das OMS.
- Reproducir en bucle os días 4 e 5 de maio, en todas as pantallas de quendas da área sanitaria (consultas do Hospital Universitario Arquitecto Marcide; Centros de Saúde Fontenla Maristany, Narón e Fene; Cita Previa e Hospitais de Día) vídeos promocionando a hixiene das mans, a fin de que todas as persoas poidan visualizalos.
- Incorporar información institucional e vídeos en bucle na canle privada das televisións dos pacientes hospitalizados, durante a semana do 2 ao 9 de maio.
- Realizar un *mailing* a todos os centros sociosanitarios do ámbito territorial da área sanitaria, con recomendacións e enlaces a recursos sobre a técnica para realizar unha correcta hixiene das mans en atención á situación actual de pandemia polo coronavirus.
- Realizar un *mailing* á totalidade das asociacións de pacientes da área sanitaria, con recomendacións e enlace a recursos sobre a técnica para realizar unha correcta hixiene de mans en atención á situación actual de pandemia polo coronavirus.
- O día 5 de maio realizarase unha sesión formativa en *streaming* para todos os profesionais da área sanitaria sobre a correcta técnica de hixiene das mans e os seus 5 momentos.
- Divulgar nos medios de comunicación a importancia de hixiene das mans.



2.3 ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E BARBANZA

As actividades terán un carácter transversal e incluírán a todos os hospitais e aos principais centro de saúde da área sanitaria.

- Publicitar o Programa de hixiene das mans có compromiso e a colaboración entre os servizos de Medicina Preventiva e Calidade e mailo Gabinete de Prensa.
- Publicar nunha localización destacada na páxina principal da intranet da área sanitaria como *banner*, o cartel de hixiene de mans do ano 2021, en colaboración coa Subdirección de Informática.
- Proxectar vídeos sobre a hixiene das mans nas pantallas da entradas principais dos hospitais da área sanitaria, salas de espera de pacientes e hospitais de día.
- Remitir un correo aos profesionais sanitarios coa información da xornada e o enlace ao Curso de Hixiene de Mans na Atención Sanitaria (código 2209316), organizado a través de ACIS.
- Realizar sesións rápidas, duns 10' de duración, no lugar de traballo (sesión-café) sobre lavado das mans e o uso adecuado de guantes nas unidade de hospitalización, actividade que se realizará ao longo de toda a semana para poder abarcar ao maior número de profesionais, garantindo a súa vez o cumprimento de aforo e doutras medidas derivadas da pandemia.
- Habilitar nas entradas principais de todos os hospitais e nalgúns centros de saúde, mesas informativas con folletos, debuxos, petacas de solución hidroalcohólica e outros artigos de promoción da hixiene das mans.
- Nestas mesas, ofertaráselles ás persoas que así o desexen, a posibilidade de cotexar o resultado da súa práctica da hixiene de mans mediante unha lámpada de UV de demostración, comparando o antes e o despois.
- Realizar, nas garderías do Hospital Clínico Universitario de Santiago e do Hospital de Barbanza, diversas actividades lúdicas e musicais relacionadas coa hixiene das mans.
- Desprazárase unha representación do equipo directivo á aula hospitalaria do



Hospital Clínico Universitario de Santiago, na que se efectuarán as seguintes actividades:

- Concurso de debuxos e entrega de premios
- Xogos sobre a hixiene das mans e os 5 momentos
- Lectura dun conto
- Realizarase o 5 de maio, unha enquisa por parte dos alumnos en prácticas entre os pacientes e familiares sobre o seu coñecemento da importancia da hixiene das mans e se estarían dispostos a recordar a súa realización ao persoal sanitario.
- Elaborarase un mural de gran tamaño coa pegada de mans de traballadores do hospital, para que quede colocado de xeito permanente á entrada do hospital.
- Distribuiranse pósters sobre a hixiene das mans pola plantas de hospitalización.

2.4 ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS

Actividades xerais:

- Envío de correo electrónico a todo o persoal do hospital con referencia á importancia da Hixiene das Mans e publicitando a axenda de actividades.
- Colocación de cartelaría no hospital: colocaranse os carteis remitidos desde servizos centrais, e, se non son suficientes, recorreremos ao cartel realizado polo Servizo de M. Preventiva do HULA no 2018 con motivo do día 5 de maio.
- Anuncio na intranet de mensaxes sobre o día 5 de maio.
- Durante todo o mes de maio/semana do 5, expoñeranse mensaxes nas pantallas das salas de espera das consultas externas (dirixidos a pacientes e persoal sanitario).
- Mesa informativa, no hall do hospital o día 5 de maio con entrega de Preparados de Base Alcohólica (PBA) a traballadores e poboación xeral, con breve explicación da importancia de da Hixiene das Mans e técnica correcta. Entrega de dípticos.



Actividades hospitalización:

- Seleccionarase unha planta aleatoriamente (íranse rotando ano tras ano) e o persoal de medicina preventiva percorrerá as habitacións no horario que se acorde coas supervisoras (coa intención de non interromper a súa actividade). Explicarase a pacientes e acompañantes a importancia da Hixiene das Mans (empoderamento dos pacientes).
- Realizarase tamén unha sesión informativa co persoal da planta seleccionada, insistindo nas mensaxes cruce da Hixiene das Mans en persoal sanitario: non xoias, non uñas longas nin pintadas. 5 momentos de hixiene de mans da OMS.

Actividades pediatría:

- O servizo de M. Preventiva realizará unha rolda pola planta, para realizar actividades de Hixiene das Mans (este ano selecciónase sinal en placas Petri).

Actividades con alumnos de enfermería e medicina:

- Envío de información ao servizo de docencia para que, desde a escola reforcen nesa semana a formación na Hixiene das Mans . Buscaremos a implicación dos alumnos como embaixadores da HM.

Difusión:

- Darase difusión das actividades a través de redes sociais e medios de comunicación. Esta difusión permitiranos chegar á poboación xeral, e transmitirllas a importancia da Hixiene das Mans.

Hospital Público de Monforte

Actividades acordadas co Servizo de Medicina Preventiva para o vindeiro día 5 de maio:

- Difusión da Campaña, por medio de correo electrónico a todos os traballadores do hospital, con información de interese sobre a Hixiene de Mans, carta do servizo de Medicina Preventiva, e enlace ao vídeo do Ministerio de Sanidade.
- Cartel conmemorativo na intranet do Hospital.



- Reparto de carteis e solución hidroalcohólica en formato peto por as unidades do Hospital.
- Reparto de carteis para a cidadanía por as salas de espera de consultas e urxencias.

2.5 ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS

As actividades que se van desenvolver de maneira conxunta en todos os centros son:

- Colocación e divulgación polas distintas Unidades e Servizos de carteis
- Realizarase un vídeo de sensibilización sobre o uso correcto das luvas. Coa colaboración de profesionais de distintas categorías e unidades de traballo para fomentar o uso correcto das luvas, salientando os momentos nos que non é necesario ou seu emprego.

A maiores, en cada centro, desenvolveranse de maneira específica as seguintes actividades.

Complexo Hospitalario Universitario de Ourense:

- Colocación dun Mural de contrastes na entrada principal .
- Distribución de merchandising (chapas, solución hidroalcohólica, etc.) polas distintas unidades.

Hospital Comarcal de Verín

- Talleres de sensibilización. As supervisoras de enfermería de cada unidade levarán a cabo píulas formativas nas súas unidades o longo do día.
- Distribución de merchandising (chapas, solución hidroalcohólica, etc.) polas distintas unidades.

Hospital Comarcal Barco de Valdeorras

- Talleres de sensibilización. Levaranse a cabo píulas formativas nas unidades o longo do día.
- Distribución de merchandising (chapas, solución hidroalcohólica, etc.) polas distintas unidades.



Atención Primaria

- Talleres en Colexios de Educación Primaria. Dentro do Programa de Pupas, Sustos e outros Desgustos, o longo de esa semana incluírase un módulo sobre a importancia da hixiene de mans (CS. Mariñamansa, Xinzo, Coles, Celanova e ou Barco de Valdeorras), empoderando os máis pequenos na importancia do autocoidado e a hixiene de mans.

2.6 ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

MATERIAL SOBRE PREVENCIÓN DÁS IRAS EN INTRANET

- Colgarase no portal da intranet “pílulas informativas sobre a prevención das IRAS “ unha semana antes do 5 de maio (28/04/2022 -5/05/2022).

MESAS INFORMATIVAS

No Hospital Montecelo, Hospital Provincial , Hospital do Salnés e nos Centros de Salud o 5 de maio:

- Mesas informativas con material divulgativo, coa participación de alumnos de Enfermería.
- Distribución de petacas con solución hidroalcohólica.

TRÍPTICOS INFORMATIVOS PARA PROFESIONAIS E CIDADÁNS

- Carteles de difusión na Área Sanitaria e Póster do Ministerio (3/05/2022)

RECORDATORIO GRÁFICO INTRANET

- Medicina Preventiva elaborará un vídeo para o 5 de maio , que colgarase na pantalla de inicio da Intranet.

DEMOSTRACIÓN O DÍA 5 DE MANS CON LÁMPARAS DE LUZ ULTRAVIOLETA POLAS UNIDADES.

INSERCIÓN DE VIDEOS PARA A CIUDADANÍA

Veranse nos televisores do Complexo Hospitalario e pantalla de quenda dos Centros de Atención Primaria o vídeo de hixiene das mans do Ministerio de Sanidade. 28/04/2022 á 5/05/2022.

RECOÑECIMENTO AOS SERVIZOS CON MELLORES DATOS DE HIXIENE DAS MANS CON UNHA FOTO VISUALIZADA NO PORTAL DA INTRANET

2.7 ÁREA SANITARIA DE VIGO

A Unidade de Calidade de Coidados xunto co Servizo de Medicina Preventiva da Área Sanitaria de Vigo teñen programadas as seguintes actividades:

- Envío dun correo electrónico dirixido a todos os profesionais da Área sanitaria lembrando a importancia da hixiene de mans e achegando o cartel co lema deste ano.
- Difusión do cartel de hixiene de mans da campaña 2022 a través dun pantallazo ao prender os ordenadores da área sanitaria.
- Colocación de dúas mesas informativas no Hospital Meixoeiro (entrada principal e entrada de consultas externas) e no H. Álvaro Cunqueiro, coa colaboración das enfermeiras do Servizo de Preventiva e a Escola Universitaria de Enfermaría.
- Colocación de carteis da campaña 2022 en formato póster nas entradas principal e de consultas externas do hospital Meixoeiro, na entrada de consultas externas e cafetería de persoal do H. Álvaro Cunqueiro e na entrada dos centros de saúde.
- Difusión dun vídeo nas escolas infantís coa canción: "o barquiño pequeniño" adaptado a hixiene de mans. Realizado na Escola de Enfermaría coa participación de alumnos/as e profesores/as.
- Realización dun vídeo sobre a importancia da hixiene de mans cos pacientes das unidades de Rehabilitación Psiquiátrica Nicolás Peña.



- Publicacións en prensa local "Faro de Vigo" e "Atlántico Diario" coas fotos do día.
- Difusión en redes sociais e na intranet corporativa das fotografías e vídeos realizados con motivo do día mundial da hixiene de mans.
- **I CONCURSO: DÍA MUNDIAL DA HIXIENE DE MANS.** Por primeira vez na Área Sanitaria de Vigo, utilizaremos a Gamificación (ou ludificación) coma estratexia de aprendizaxe. Co propósito de transmitir unha mensaxe o uns contidos de cara a cambiar un comportamento, a través dunha experiencia lúdica que propicie a motivación. Sortease un premio entre os acertantes.